

O RÉXIME LIBERAL

O REINADO DE ISABEL II (1833-1868)

a).- AS DÚAS REXENCIAS (MINORÍA DE IDADE/ 1833-1843)

- REXENCIA DE M^a CRISTINA (1833-1841)

- ESTATUTO REAL (1834): carta outorgada; concede uns dereitos aos españois pero non é unha constitución.
- Organización político-administrativa: nova división provincial (1833, Javier de Burgos).
- Grave situación económica + guerra civil= sublevacións (1836).
- **Motín de La Granja.**
- Segunda Constitución liberal: **Constitución de 1837** (máis moderada que a de 1812).
- Algunha medida revolucionaria, como a **Desamortización de Mendizábal:**
 - Expropiación dos bens eclesiásticos.
 - Resultado: non o esperado; creación de grandes latifundios.
- Disolución dos gremios e eliminación de aduanas interiores.
- **1ª Guerra Carlista** (1833-1840). Remata co **Acordo de Vergara (1839)**, entre o Xeneral Espartero (isabelino) e Maroto (carlista).

- REXENCIA DE ESPARTERO (1841-1843)

- M^a Cristina renuncia a gobernar en 1840 = **Espartero rexente**. Apoio dos liberais progresistas / goberno dictatorial e represiva = rexeitamento de todos.
- **1843, revolta militar de Narváez**. Cae o goberno de Espartero.

b).- O REINADO DE ISABEL II (1844-1868)

- A DÉCADA MODERADA (1844-1854)

- **Isabel II**, maioría de idade aos 13 anos, asume o trono.
- **Goberno do Xeneral Narváez**, do partido moderado. Goberno dos conservadores, con man dura, durante 10 anos.
- **Nova Constitución de 1845**, conservadora; máis poderes á Coroa; sufraxio censatario.
- Paralización da Desamortización.
- Retoma as relacións co Papado (Concordato de 1851).
- Corrupción e autoritarismo = perda apoio das clases populares. Pronunciamento militar progresista (1854).
- **2^a Guerra Carlista (1846-1849)**. Derrota dos carlistas.

- O BIENIO PROGRESISTA (1854-1856)

- Pronunciamento militar progresista (“**a Vicalvarada**”), co **xeneral Leopoldo O’Donell (Unión Liberal)**.
- **Manifesto de Manzanares, de Antonio Cánovas**.
- **Constitución “nonnata” de 1854**.
- **Volta ao goberno de Espartero**. Medidas progresistas e revolucionarias.
- **2^a Desamortización , a de Madoz** (bens municipais).

- O RETORNO DO MODERANTISMO (1856-1868)

- Formación do partido **Unión Liberal**, liderado polo **xeneral O'Donell**.
 - Desenvolvemento económico.
 - Expansión colonial imperialista: Marrocos, México, Pacífico.
 - Aumento da oposición ao réxime; radicalización dos liberais progresistas; aparición do **republicanismo**; **primeiras organizacións obreiras**; **axitación dos xornaleiros**.
- **1864, Nárvaez volve ao goberno:**
 - Crise económica = axitacións sociais e pronunciamentos progresistas.
 - **Setembro 1868: pronunciamento militar e Revolución = exilio Isabel II.**